




# COSTA DE DEXO E SERANTES


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 20 km (circular total)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 6 horas



Unha ou varias camiñadas para percorrer e coñecer a costa exposta do concello de Oleiros entre Mera e Lorbé, protexida no LIC Costa de Dexo e no Monumento Natural Costa de Dexo e Serantes. Para gozar da paisaxe costeira recortada na que predominan os cantís batidos polo mar con numerosas furnas e illotes que agochan nas partes máis recollidas praias mínimas que desaparecen coa marea chea; ao tempo que podemos ver especies propias destes medios, adaptadas a resistir o vento e a salinidade, entre qs que se atopan algunhas de interese ou pouco comúns.


É un percorrido con moitas posibilidades xa que se pode facer enteiro ou por partes, ou circular. O circuío completo son uns 20 km, facendo o percorrido pola costa e a volta (entre Mera e Lorbé), 4,5 km, pola estrada. Podemos completalo cunha visita á lagoa de Mera, na que crían lavancos e galiñolas

As posibilidades de facelo por partes son moitas e algunhas están indicadas. Tamén se pode facer en bicicleta ou combinar viaxes en coche con pequenas camiñadas.



## **-Mera-Faro de Mera-Montemeán-Mera (6 a 7 km, circular)**

Saímos de Mera cara a Dexo e tomamos o primeiro desvío á dereita, indicado como Faro de Mera, e por el chegamos aos faros, luces de enfiada da entrada na ría da Coruña. Alí podemos visitar o Centro de Interpretación do espazo e o lugar de asentamento da antiga batería militar. Volvemos atrás pola mesma estrada ata atopar o primeiro desvío á esquerda e por el achegámonos ao acceso, só para peóns, de Monte Meán, desde onde podemos seguir o carreiro da dereita para achegármonos a ver as vistas cara á enseada de Canabal e Seixo Branco; logo dirixímonos cara á punta para ver de preto o illote de Montemeán e facemos o camiño de volta tendo á vista os cantís furados da Punta de Mera a a enseada de Fontenla.



Punta de Mera cos faros e a aula da natureza



Puntas de Monte Meán e Seixo Branco. Ao fondo o porto exterior de Ferrol



Un dos faros de Mera e a Torre de Hércules ao fondo.



Illote de Montemeán



Enseada e praia de Canabal



Gaivopas patiamarelas no niño

## -Porto de Dexo-Seixo Branco (6,5 km, circular)


No porto de Dexo, case o único punto abrigado e accesible deste tramo de costa, onde hai un pequeno aparcamento, comezamos e rematamos o percorrido (aínda que tamén podemos facelo desde o Seixo Branco) collendo o camiño que sae á esquerda do abrigo e desviándonos por carreiros e camiños para ir sempre o máis preto que se poida da costa, chegamos e percorremos a Rasa ata que unha rotura no cantil e a mesta vexetación, toxos da altura dunha persoa, nos impiden continuar pola beira; entón temos que remontar por carreiros ata unhas casas e unha vez alí coller o primeiro camiño á dereita, polo que xa sen perda, podemos volver á beira dos cantís, nos que crían as gaivotas patiamarelas, e pasar ao pé dos furados das furnas ata chegar ao Seixo Branco. Na ida podemos demorar de unha hora a hora e media, e na volta, que faremos polo camiño sen desvíos, (ao chegar ás casas temos un camiño á dereita que nos baixa dereitos ao porto) tardaremos só media hora. Par completar a viaxe podemos achegarnos, en Dexo, a ver a igrexa de Santa María, románica do século XII,.



Vista do illote de Montemeán desde a punta de Seixo Branco.  
Desde moitos puntos destas rutas podemos gozar da panorámica da cara norte da cidade da Coruña rematada pola Torre de Hércules.



Cantil da punta Rasa



AS FURNAS orixinanse polo continuo desgaste que xera a forza da ondada facendo que as partes máis brandas e débiles se degraden máis rapidamente que as rochas próximas, dando lugar a cavidades. En ocasións, o teito da cova derrúbase, dando lugar a impresionantes ocos no terreo. Neste tipo de furnas orixinase un pozo ou conduto vertical que conecta a superficie co fondo da cova. Exemplos diso son as furnas de Olo Grande, A Regocha e Olo Pequeno, todas elas localizadas no Seixo Branco.



O Seixo Branco é unha curiosa formación xeolóxica (un dique de cuarcita branca que destaca entre as rochas escuras que o rodean).



Vista do illote de Montemeán desde a punta de Seixo Branco.



Punta Rasa



O Portiño de Dexo



Santa María de Dexo



O Seixo Branco

## -Porto de Dexo-Porto de Lorbé

(10 km, ida e volta, algo menos volvendo pola estrada).

No porto de Dexo subimos cara á dereita, cruzamos o regueiro e baixamos á punta Corval. Desde alí, polos carreiros máis achegados á costa, pasamos pola punta Porrido e a punta da Roza, que rodeamos para subir ata un camiño. Aquí os carreiros, case tapados polos fentos que medran debaixo dos eucaliptos, fanse confusos, pro seguindo máis próximos á costa, ao saír da masa arborada volven a estar ben definidos. Por eles imos dar a un camiño que, á esquerda, nos leva á punta Torrella. Volvendo polo mesmo chegamos a unha pista na que hai un panel informativo da ruta e seguindo de fronte entramos na localidade de Lorbé; ao chegar á estrada baixamos cara ao porto, no que remataría o traxecto. Aínda que baixar e volver a subir a forte pendente non anime, o fermoso espazo da contorna do porto é lugar de visita obrigada. A volta pódese facer polo interior, pola estrada que vai a Dexo e aproveitar para ver a súa fermosa igrexa románica do século XII e desde alí baixar ao porto.



Punta Corval



Punta Corval, O Marolete e A Marola




A Marola



Enseada de Dexo



Punta  
Torrella





Punta Torrella



Herba de Namorar



Cantil na Revolta



*Leucanthemum merinoi*



Illote na enseada de Lorbé



Porto de Lorbé

